

## **ORDENANZA FISCAL Nº 14**

### **REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DAS LICENZAS OU AUTORIZACIONES ADMINISTRATIVAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER.**

#### **FUNDAMENTO LEGAL.-**

##### **ARTIGO 1º.-**

De conformidade co previsto no artigo 57 RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establecece a *taxa polo outorgamento das licenzas ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer.*

#### **FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUIR.**

##### **ARTIGO 2º.-**

Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A concesión, expedición e rexistro da licenza e autorización administrativa para o servizo de transporte en auto-taxis e demais vehículos de aluguer das clases A, B, e C do Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transportes de Automóviles lixeiros.
- b) O uso e explotación das licenzas de ditas clases A, B, e C.
- c) A aplicación das licenzas a outro vehículo, por substitución do anterior.

#### **DEVENGO.**

##### **ARTIGO 3º.-**

A obriga de contribuír nace e devengase a taxa, na data en que se conceda ou expida a correspondente licenza ou autorización.

#### **SUXEITO PASIVO.**

##### **ARTIGO 4º.-**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, e en particular as que a continuación se indican:

- a) Pola concesión, expedición e rexistro, e polo uso e explotación das licenzas das clases A, B, e C, a persoa que ó seu favor se expidan.
- b) Pola substitución do vehículo afecto a unha licenza, o titular da mesma.

#### **RESPONSABLES.**

##### **ARTIGO 5º.-**

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 o 43 da Lei Xeral Tributaria 58/03.

#### **BASE IMPOÑIBLE E CUOTA TRIBUTARIA.-**

##### **ARTIGO 6º.-**

- 1.- A base imponible está constituída pola natureza do servizo ou actividade.
- 2.- A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes apartados da mesma, segundo a seguinte:

## T A R I F A

CONCEPTO	EUROS
A) Concesión, expedición e rexistro de licencias. Por cada licencia	262,1
B) Sustitución de vehículos. Por cada licencia	53,6

### **EXENCIONS E BONIFICACIONES.-**

#### **ARTIGO 7º.-**

Non se concederá ningunha bonificación ou exención que non se prevea nas leis ou tratados internacionais.

### **ADMINISTRACION E COBRANZA.-**

#### **ARTIGO 8º.-**

A autorización outorgarase a instancia de parte e, unha vez concedida, entenderase tácita e anualmente prorrogada en tanto o titular non renuncie expresamente a aquela.

#### **ARTIGO 9º.-**

O pagamento da cuota efectuarase previa liquidación mediante ingreso directo, unha vez concedidas as licencias ou autorizacións de que se trate e realizados os servicios solicitados.

#### **ARTIGO 10º.-**

As liquidacións da taxa notificaranse ós suxeitos pasivos con expresión dos requisitos previstos no artigo 102 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03, que a continuación se indican:

- a) Dos elementos esenciais da liquidación.
- b) Dos medios de impugnación que poder ser exercidos, con indicación de prazos e organismos en que terán de ser interpostos.
- c) Do lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

#### **ARTIGO 11º.-**

As cuotas liquidadas e non satisfeitas dentro do periodo voluntario, faranse efectivas pola vía de prema, con arranxo ás normas do Regulamento Xeral de Recadación.

### **INFRACCIONS E SANCIONS.-**

#### **ARTIGO 12º.-**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03, conforme se ordena o artigo 11 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspeccion, Xestion, Recadacion

### **APROBACION E VIXENCIA.-**

#### **DISPOSICION FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.